



Concello de Sarria

ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023.

REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA III EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL 2023.

PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN.

- A) Participantes: Poderán participar todas as persoas residentes no Concello de Sarria de entre 3 e 18 anos.
- B) Características das obras:
 - 1. Deberán de estar feitas con marcado carácter do Nadal.
 - 2. Os traballos presentados deberán ser orixinais e ser confeccionadas polas persoas concursantes.
 - 3. A elaboración será libre, podendo usar calquera método ou técnica e calquera tipo de material ou elemento decorativo, incluído material de refugallo ou produto da propia natureza; respectando sempre o formato de felicitación de Nadal.

SEGUNDO. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.

A participación farase de forma individual, tendo que ser firmada a inscrición polo pai, a nai ou titor ou titora legal dos participantes menores de idade.

TERCEIRO. INSCRICIÓN.

A) Presentación, lugar e data de inscrición: A inscrición é gratuíta e formalízase na Biblioteca Pública Municipal de Sarria “Camilo Gonsar”, entregando a felicitación nun sobre pechado, xunto co formulario de inscrición (anexo I) adxunto a estas bases, debidamente cumprimentado.

Tanto as postais como as inscricións entregaranse ente os días 11 e 22 de decembro de 2022 (ambos incluídos), en horario de 9:30h a 13:30h e de 16:00h a 20:30h na propia biblioteca.

As bases do concurso e o formulario de inscrición tamén poderán ser descargados na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>

B) Aceptación das bases: Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases deste concurso e as normas que rexen a súa participación.

C) O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, as cales serán expostas no interior dos edificios municipais.





Concello de Sarria

CUARTO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios, repartidos en tres categorías:

1ª CATEGORÍA: DE 3 A 6 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

2ª CATEGORÍA: DE 7 A 12 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

3ª CATEGORÍA: DE 13 A 18 ANOS.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

QUINTO. XURADO E VALORACIÓN

O xurado que designe a obra gañadora, estará formado por persoas con coñecementos artísticos.

Na selección de traballos presentados valorarase positivamente a orixinalidade, a innovación, o deseño, a calidade da obra, a transformación de materiais e a dificultade na elaboración, así como a estética do conxunto, ademais de outros criterios, que con arranxo ao seu saber e entender deban ser tidos en conta.

SEXTO. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e a forma e data da entrega. Publicarase o nome dos premiados na páxina web do Concello e nas redes sociais.

SÉTIMO. OUTROS

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.





Concello de Sarria

Cod. Validación: 3S5HHW9DESRL2AXG5HRTCCQP
Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916

